

FELICIDADE PÚBLICA E LIBRE MERCADO. O XURDIMENTO DE VALORES LIBERAIS NA ILUSTRACIÓN GALEGA

FAUSTO DOPICO¹

Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 31 de xullo de 2007

Aceptado: 8 de novembro de 2007

Resumo: Entre os ilustrados galegos predominan as formulacións moderadas, e cando se enfrontan aos problemas socioeconómicos con frecuencia non van máis alá de pedir a reforma dos aspectos máis inxustos e ineficaces da sociedade do Antigo Réxime, sen cuestionar as súas bases ideolóxicas e éticas fundamentais. Algúns escritores, porén, fanse eco das propostas máis radicais da Ilustración europea e defenden ideas que só se poden desenvolver nun marco xurídico político de corte claramente liberal. Os autores máis relevantes neste sentido son Pedro Antonio Sánchez, Luís Marcelino Pereira e Lucas Labrada, dos que se fai unha síntese biográfica e se analizan os aspectos máis significativos da súa obra.

Palabras clave: Pensamento económico / Ilustración / Liberalismo / Pedro Antonio Sánchez / Luís Marcelino Pereira / Lucas Labrada.

PUBLIC HAPPINESS' AND FREE MARKET.

THE ASSUMPTION OF LIBERAL VALUES IN THE GALICIAN ENLIGHTENMENT

Abstract: Most of the XVIII century Galician writers defended moderate ideas. Frequently, when facing the socioeconomic problems, they were not beyond requesting the reform of the most unjust and ineffective aspects of the society of the Old Regime, without questioning its main ideological and ethical foundations. Nevertheless, some of them gathered the most radical proposals of the European Enlightenment and defended ideas that only could be developed within a liberal political and legal framework. About these ones –outstanding Pedro Antonio Sánchez, Luis Marcelino Pereira and Lucas Labrada– we offer a biographical synthesis and analyze the most significant topics of their works.

Keywords: Economic thought / Enlightenment / Liberalism / Pedro Antonio Sánchez / Luis Marcelino Pereira / Lucas Labrada.

1. LEMBRANDO A ANDRÉS SUÁREZ

Da capacidade intelectual de Andrés Suárez conservamos os seus libros e artigos e a vasta influencia que deixou nos seus numerosos discípulos e colaboradores. Nas responsabilidades académicas e políticas, e na esfera privada, mostrou unha ética laica nobre e profunda. A súa madurez afectiva tornábase paixón cando se refería á súa familia e á súa terra e convertíase en cálida lealdade na súa relación cos amigos. Procedente do medio rural, Andrés afirmaba que inicialmente estaba destinado a ser campesiño ou emigrante coma os seus veciños, pero que unha serie de circunstancias o levaron por outros camiños. Para min é un exemplo de como nunha contorna aparentemente conservadora e mítica poden frutificar personalidades ricas e creativas que, á vez, aman as súas orixes ancestrais.

As páxinas que seguen son unhas reflexións sobre uns homes que dous séculos antes introduciron na sociedade galega as sementes duns novos conceptos, que se

¹ O meu agradecemento a Antón Dopico, a Ángel Fernández González, a Xoán López Facal, a Susana Martínez Rodríguez e a María Xosé Rodríguez Galdo polos seus valiosos comentarios a unha versión anterior deste artigo.

desenvolveron con notables dificultades e que hoxe forman parte importante da nosa mentalidade.

Conciliar a eficiencia individual, a eficiencia xeral e a xustiza social foi unha preocupación central na obra e na traxectoria profesional de Andrés Suárez. Consideraba que o teorema da man invisible era “*el argumento intelectual de mayor peso a favor de la economía de mercado en su versión capitalista*”, e inmediatamente sinalaba que o mercado altamente competitivo ao que se refería Adam Smith distaba moito do actual, no que os sectores máis importantes se atopan dominados por unhas poucas grandes empresas multinacionais (Suárez, 2001b, pp. 125-126 e 155).

As políticas económicas que reflicten os intereses das capas máis conservadoras da sociedade adoitan ser tachadas de *neoliberais*. Na miña opinión, esta cualificación concédelles a estas políticas, por parte dos seus críticos, un patrimonio histórico inmerecido, pois o liberalismo constituíu un poderoso movemento encamiñado a superar as rixidas diferenzas xurídicas e sociais existentes no Antigo Réxime, e representou, no seu momento, un aspecto avanzado e progresista do cambio na visión do mundo, e nos valores morais subxacentes, que tivo os seus alicerces no humanismo renacentista e na revolución científica dos séculos XVI e XVII e que se difundiu amplamente coa Ilustración e coa revolución francesa.

2. REVOLUCIÓN CIENTÍFICA E ILUSTRACIÓN. O XURDIMENTO DUNHA NOVA VISIÓN DO MUNDO

A revolución científica dos séculos XVI e XVII supuxo en Occidente unha nova maneira de observar a natureza e o propio home, e unha diferente interpretación do mundo. A forma en que pensamos crea patróns neurolóxicos sobre os que conformamos os nosos modelos de conduta (Fuster, 2003; Goldberg, 2006). A cohesión e a continuidade dunha comunidade implican un consenso, é dicir, unha co-creación dos aspectos básicos que definen a súa cultura e os seus valores éticos. As convicións relixiosas e patrióticas e os argumentos de autoridade constituían os alicerces sobre os que se asentaba a estrutura social, política e económica do Antigo Réxime.

Centrar o quefacer do home na súa actividade cognitiva e no descubrimento científico –e con iso na observación, experimentación e introspección– supoñía unha ruptura coa cultura e coa moral tradicional, e iso alertou especialmente ás autoridades relixiosas, que ocupaban un posto de privilexio na tarefa de configurar os moldes do comportamento colectivo. A reforma protestante, porén, axudou a que, cando menos durante algún tempo, se creara un clima máis favorable para o desenvolvemento da autonomía individual e do enriquecemento persoal.

Os cambios na mentalidade vense acompañados de significativas transformacións na economía europea. En primeiro lugar, os descubrimentos e os maiores coñecementos xeográficos posibilitan a apertura de novas rutas mercantís e o florecemento de capas de comerciantes e emprendedores relacionadas co comercio na

longa distancia. As modificacións no sistema de cultivos e nas formas de traballar a terra que representa a *new farming*, pola súa parte, facilitan nalgunhas áreas de Inglaterra, de Holanda ou do Norte de Francia a comercialización dunha parte cada vez máis importante da produción agraria. En Inglaterra, ademais, ábrese paso as relacións de produción capitalistas co emprego crecente de traballo asalariado, rompendo de forma incuestionable as modalidades feudais de propiedade e posesión da terra.

A maior demanda de produtos industriais, derivada do crecemento agrario, da maior diversificación económica e dos cambios nos modos de vida, repercute tamén sobre os procedementos tradicionais de transformación dos produtos primarios. Asistimos así a un refinamento dos labores artesanais e á emerxencia de novas formas de produción e comercialización. Algunhas, como o *Verlagsystem* ou o *Kaufsystem*, implican un grao cada vez maior de penetración do capital comercial neste tipo de actividades. O establecemento de manufacturas centralizadas, ben por iniciativa privada ou real, invita tamén a desenvolver novas modalidades de organización do traballo. Para que o traballo asalariado e as relacións de produción capitalistas poidan desenvolverse sen atrancos, necesítase *liberar* as constricións á libre circulación de traballadores, de capitais e de mercadorías, o que conduce a cambios institucionais que acaban derrubando as estruturas feudais e a sociedade estamental. E no último terzo do século XVIII ten lugar un gran salto cuantitativo e cualitativo no proceso de organización industrial, co xurdimento do *sistema fabril* e co comezo da *revolución industrial* en Inglaterra.

As capas sociais ascendentes, e en especial a burguesía mercantil e industrial, atoparon no liberalismo económico unha arma fundamental para a loita pola eliminación das barreiras lexislativas e ideolóxicas que limitaban o crecemento do sistema capitalista. Pero o liberalismo, nas súas orixes, non só representaba un cambio na organización socioeconómica e política do Antigo Réxime, senón unha forma de reivindicar a autonomía persoal fronte ao asfixiante gregarismo imposto polas institucións políticas e relixiosas, e triunfou cando as súas propostas se entrelazaron cos instintos, emocións e desexos insatisfeitos de amplos estratos populares, ao grito de liberdade, igualdade e fraternidade.

A reforma do Antigo Réxime ou a súa substitución non só implicaba un debate sobre o sistema económico e político senón tamén sobre a forma en que se articulaban os intereses individuais e os valores colectivos, isto é, sobre a mensaxe ética que lexitimaba a xerarquía social. Tanto o discurso relixioso da época coma a xustificación da monarquía absoluta subordinaban os dereitos individuais ás normas ditadas por un *poder superior*. A revolución científica e o movemento ilustrado, en cambio, suxerían unha nova concepción do ser humano e das relacións interpersoais no que o ben e o mal non xiraban en torno á salvación da alma tras a morte senón no benestar individual e do conxunto. O centro de valoración da conduta humana pasou así do cumprimento dunhas normas fixadas pola Igrexa ou polo Es-

tado absolutista a buscar a felicidade persoal. Jeremy Bentham levou o desafío ao extremo de considerar a maior felicidade do maior número de persoas como a medida da moralidade dunha acción (Bentham, 1776).

3. A ILUSTRACIÓN GALEGA NO CONTEXTO ESPAÑOL

Os gardiáns da ortodoxia válense de moitas maneiras para fomentar o medo ao cambio; pero o impulso creador tamén é moi poderoso no ser humano. A pesar da heteroxeneidade do pensamento ilustrado, un eixe común centraba as súas reflexións: a busca dunha nova orde interconectada que supoñería nos planos social e económico o que a mecánica racional representaba na esfera física (Taylor, 1989; Wilber, 1996).

Moitos dos que participaron na difusión destas ideas non percibían que estas podían tornarse incompatibles coa monarquía absoluta, e mesmo crían que tal forma de poder podía verse reforzada adaptando a súa armazón xurídico-administrativa ás maiores posibilidades de crecemento económico abertas pola aplicación e difusión dos novos coñecementos. A maioría dos reis europeos trataron de incorporar nos seus gobernos e nos seus núcleos de conselleiros pensadores ilustrados que lles ofreceran propostas capaces de suavizar as contradicións económicas e sociais. O *despotismo ilustrado* responde a este intento de conciliar a análise racional cunha articulación xurídica e política fundamentada en mitos relixiosos e patrióticos, buscando o crecemento económico sen lesionar gravemente o privilexio e a desigualdade de dereitos característicos do feudalismo desenvolvido.

A historia do século XVIII español mostra como este achegamento entre dúas formas de contemplar o mundo foi posible durante un certo tempo, sobre todo no reinado de Carlos III, onde unha relaxación na vixilancia da heterodoxia doutrinal coincidiu cun certo aumento da produción, que non só permitiu absorber o incremento da poboación senón tamén favorecer a emerxencia de novas capas sociais, cuxos intereses podían verse favorecidos polos cambios propostos. Pero a morte de Carlos III, o medo provocado pola revolución francesa do ano 1789 e a crise económica, demográfica e política de fins do século XVIII e de comezos do XIX levaron á paralización progresiva do programa reformador, e os seus defensores atoparon crecentes dificultades ante o poder político e eclesiástico.

Galicia desenvolveu nos séculos XVII e XVIII unha peculiar forma de crecemento demográfico e económico, que conduciu a unha notable estabilidade e flexibilidade da súa sociedade, ao que se unía o decisivo poder económico e social das institucións eclesiásticas (Rodríguez Galdo, 1989, 1993) e que proporcionaba unha escasa base social disposta a entusiasmarse con propostas radicais. A mensaxe liberal, en cambio, non só representaba unha invitación a cuestionar as crenzas e as formas de vida que estaban fortemente enraizadas, senón que tamén tendía a fomentar a responsabilidade da persoa sobre os seus actos e as súas consecuencias (Schwartz, 1999).

A maior parte dos representantes da Ilustración galega, porén, son nobres e clérigos, e non ven unha contradición entre a súa procedencia social e o seu ideario e mesmo esperan que a monarquía colabore no desenvolvemento das súas propostas reformistas. Pero esta prudencia política e ética non lles impediu ás veces ser radicais describindo a deterioración e os límites da orde social existente, e mesmo unha parte deles intuiron que as transformacións necesarias ían máis alá das posibilidades das institucións da sociedade estamental. Nas páxinas que seguen veremos como algúns autores trataron de conciliar as ideas máis avanzadas procedentes da Ilustración europea cos valores predominantes da sociedade na que se educaron e desenvolveron as súas vidas.

4. BEN PÚBLICO E INTERESE PARTICULAR: PEDRO ANTONIO SÁNCHEZ

Un bo exemplo das contradicións ilustradas móstranolo Pedro Antonio Sánchez Vaamonde, nado en Curtis (A Coruña) o 10 de abril de 1749, de padres fidalgos cun extenso patrimonio². É catedrático de Retórica na Universidade de Santiago desde o ano 1772 ata o ano 1774, e a partir desta data ocupa unha das cátedras de Teoloxía escolástica. No ano 1788 toma posesión dunha coenxía no cabido compostelán e, posteriormente, abandona o claustro académico (García Cortés, 1983, pp. 81-83). O seu novo soldo multiplicaba por oito o dun catedrático³. A súa excelente situación económica e o permanente labor de mecenado que realizou fai pensar, porén, que a súa elección se baseou principalmente en razóns de tipo relixioso e na percepción de que a carreira eclesiástica posibilitaba unha influencia e un poder social maior cá académica. Socio de mérito da Matritense, no ano 1784 foi un dos fundadores da Sociedade Económica de Santiago, da que se erixiu nun dos seus principais animadores xunto con Antonio Páramo e Somoza e con Luís Marcelino Pereira. Creou ás súas expensas unha escola de primeiras letras en Curtis⁴ e unha biblioteca pública no Real Consulado da Coruña, á que proveu con abundantes fondos e cunha boa parte da súa herdanza. Nos anos anteriores á súa morte, que tivo lugar en Santiago o 4 de outubro de 1806, dedicouse a defender o voto de Santiago (Sánchez, 1805, 1813), o que mostra o forte condicionamento que sobre el exercía a súa fidelidade relixiosa e a súa pertenza á curia compostelá, o que lle valeu o claro reproche dun dos seus contemporáneos, que vía niso unha contradición coas súas ideas económicas (Rodríguez de Ledesma, 1806)⁵.

² Diversas descrições biográficas breves e sínteses biográficas de Sánchez poden atoparse en Díez Tavanera (1806), Sánchez (1858, 1973), Dopico (1978), Saavedra (1999), Meijide Pardo (2002) e García Cortés (2003).

³ Véxase o estudo preliminar de P. Saavedra (1999) á súa edición de diversos textos ilustrados, entre eles a *Representación al inmortal rey D. Carlos III, sobre la navegación del Miño*, de P. A. Sánchez, e as *Reflexiones sobre la Ley Agraria* de Luís Marcelino Pereira.

⁴ Que puxo posteriormente baixo a tutela do Consulado (Sánchez Rodríguez de Castro, 1992, pp. 239-246; García Cortés, 2003, p. 61).

⁵ Sobre a polémica en torno á supresión do voto de Santiago, véxase Rey Castelao (1985).

As novas formulacións da física e das matemáticas nos séculos XVII e XVIII favorecen o pensamento lineal e a concepción do todo como suma das partes. Isto invita a reconsiderar o interese individual como condición para o benestar colectivo; un cambio na consideración dos valores que non só atinxe aos aspectos económicos senón tamén aos éticos. Podemos ver esta transición nas *Memorias* sobre as fábricas de curtidos e a mendicidade escritas a comezos da década de 1780. Seguindo a Puffendorf, o noso autor insiste na necesidade do cidadán de obedecer as ordes do seu soberano e de “*participar en el adelantamiento del bien público*”, o que sancionaría unha orde social absolutista, pero máis adiante afirma que o ben común non é “*otra cosa que el resultado o la suma de los bienes de todos aquellos que componen la sociedad*” (Sánchez, 1973, pp. 83-87), unha perspectiva básica no ideario liberal e que aínda ten un peso considerable no pensamento económico actual⁶.

Sánchez sinala a “infeliz constitución” dos labregos galegos e medita “*sobre los medios de aliviarlos y hacer mejor su fortuna*” (Sánchez, 1973, pp. 45-46), colocando así a mellora da situación material das capas populares como condición para aumentar a felicidade pública e privada, o que o leva a propugnar unha serie de reformas lexislativas (Dopico, 1978). As consideracións económicas entrelázanse coa acusación aos poderosos de ser o principal atranco para a realización dos proxectos que posibilitarían elevar o nivel de vida campesiño: “*he hallado contra ellos un obstáculo invencible en los esfuerzos de los poderosos, que se interesan en que no se efectúen*” (Sánchez, 1973, p. 46). As propostas de Sánchez, porén, están sempre sometidas aos principios relixiosos e morais da época, o “ben da sociedade” e o “engrandecemento de España”.

A comezos do século XIX, Pedro Antonio Sánchez escribe dous textos, a *Memoria sobre los ganados de Galicia, considerados relativamente a la economía política* (1802), e a *Memoria sobre los abastos y policía de Santiago* (1806), onde expón ideas claramente liberais sobre o papel do mercado, a formación dos prezos e a función dos administradores públicos. Desta maneira, proclama como primeiro principio da actividade económica que: “*El precio debe ser el efecto de la libre convención entre compradores y vendedores. Si se ponen estorbos a los unos o a los otros, dejará esta convención de ser del todo libre, y por lo mismo el precio no resultará justo*” (Sánchez, 1973, p. 220).

Crítico con calquera xénero de normas que poidan limitar o libre xogo do mercado e de deixar “*seguir el orden de las cosas que establece la naturaleza*” (Sánchez, 1973, p. 161), fai seu o “principio luminoso de la ciencia político-económica: *La acción del gobierno comienza donde no alcanza la del particular*”, logo de proclamar no parágrafo anterior, como condición necesaria “*para guardar una exacta*

⁶ John Harsanyi, premio Nobel de Economía no ano 1994, define a función de benestar social como suma (ou valor medio) das utilidades individuais, aínda que estas últimas veñan expresadas a través de funcións de von Neumann-Morgesten (Harsanyi, 1955, 1996).

justicia”, a máxima cristiá: “*HACED CON LOS OTROS LO QUE QUISIERAIS QUE ELLOS HICIESEN CON VOSOTROS MISMOS*” (Sánchez, 1973, p. 221)⁷.

Sánchez é tamén consciente da forza das emocións e do costume na configuración da actividade humana, e chega a suxerir “un xogo de pelota” como forma de canalizar as paixóns dos que teñen os oficios máis rutineiros. Así, considera que “*los espectáculos son principalmente destinados para la nobleza y otras gentes, cuyas ocupaciones les dejan muchas horas vacías*”, mentres que aos mesteirais “*es preciso proporcionarles otras diversiones más análogas a ellos, en que ejercitan sus fuerzas y dejan el vicio de juegos de naipes en que tanto se arruinan, y en que viciados los días de fiesta se emplean después en los siguientes (...). Con estos principios se podría en adelante pensar en un juego de pelota, adonde iría la gente principal, con lo que se disminuiría algún tanto el furor de los del envite*” (Sánchez, 1973, pp. 235-236).

A preocupación de Sánchez pola extensión da educación elemental non está exenta de desconfianza cara á recibida nas súas casas. “*Esperarlo todo de la educación privada de los padres es una quimera*”, afirma. E se Adam Smith encomendáballe ao Estado o establecemento de escolas nas parroquias (Smith, 1958, p. 690), Sánchez termina a súa *Memoria sobre los abastos* contraponendo a liberdade económica coa responsabilidade dos concellos en materia educativa: “*Si se trata de abastos y de fabricar casas u otras obras particulares, no tiene el magistrado que hacer más que asegurar bien la propiedad y remover los obstáculos que no están dentro de la esfera privada de cada individuo. Si se trata de obras públicas, es necesario, o hacerlas o presentarlas a los poderosos, por medios proporcionados a excitar su interés. Si se trata de educación, se debe suplir toda aquella de que no sean capaces o no quieran dar los propios padres. Es necesario ser el maestro de los maestros, el tutor de los pupilos, cuando los propios no cumplan. En una palabra, yo creo que en lo que ahora hay un régimen menudo, no debe haber ninguno; y que le debe haber muy atento en donde hay ahora una absoluta libertad*” (Sánchez, 1973, pp. 250-251).

Ao igual ca noutros dous ilustrados galegos de gran significación no pensamento español do século XVIII, Juan Francisco de Castro e o Padre Sarmiento, a adscrición relixiosa de Sánchez constitúe un conflito para a aceptación doutros aspectos do movemento ilustrado, especialmente os que atinxen á construción dun novo sistema ético. O carácter altamente conservador e militante do bispado e da maioría do clero galego confirmárase máis tarde ao opoñerse sistematicamente a aquelas decisións das Cortes de Cádiz que afectaban aos seus intereses (supresión da Inquisición, dos señoríos xurisdicionais, do voto de Santiago, etc.), organizando a resistencia contra o pronunciamento liberal do mariscal Porlier na Coruña no ano 1815

⁷ As cursivas e as maiúsculas son do propio Sánchez.

e apoiando, así mesmo, as partidas regalistas durante o trienio liberal de 1820-1823 (Barreiro Fernández, 1976, pp. 33 e ss.).

5. A EXALTACIÓN DA LIBERDADE ECONÓMICA: LUIS MARCELINO PEREIRA

A prensa foi un dos medios dos que se valeron os ilustrados europeos para difundir as súas ideas, pois permitía superar os límites dos faladoiros e das sociedades de pensamento. En España, unha dobre e meticulosa censura –a civil, a cargo do Consello de Castela, e a eclesiástica, controlada pola Inquisición– dificultaba a existencia e a continuidade deste tipo de publicacións que, con todo, tiveron un notable desenvolvemento na segunda metade do século XVIII. De todas elas, a que realizou unha crítica máis aceirada e sistemática do pensamento e das actitudes dos estamentos dominantes e das institucións xurídicas, políticas e académicas foi *El Censor*, que conseguiu ver a luz en 167 ocasións entre os anos 1781 e 1787⁸. Os seus editores eran o avogado granadino Luis María García do Cañuelo e Heredia e o catedrático compostelán Luís Marcelino Pereira. Nel colaboraron Juan Meléndez Valdés e Gaspar Melchor de Jovellanos (García Pandavenes, 1972, p. 30)⁹.

Luís Marcelino Pereira naceu en Vedra (Pontevedra) o 26 de abril de 1754; era fillo de Vicente Pereira e Moscoso, rexedor perpetuo da cidade de Santiago e catedrático da Facultade de Artes. Estudou en Santiago, onde se graduou como bacharel en Leis no ano 1771 e en Artes no ano 1772. No ano 1775 obtivo os títulos de licenciado e mestre nesta Facultade. Profesor substituto de Matemáticas no ano 1772, foi titular desta cátedra desde o ano 1774 ata o ano 1792, cun interregno de catro anos nos que exerceu a avogacía en Madrid. Neste último ano trasládase a Valladolid como membro da Real Chancelería, onde no ano 1797 é ascendido a oidor. No ano 1804 é nomeado membro da Sala de Alcaldes de Casa e Corte. No ano 1808 alíñase cos afrancesados e participa na Asemblea de Notables que referenda o Estatuto constitucional de Baiona. O 2 novembro de 1809 é designado por José Bonaparte como membro do Consello de Estado xunto con Juan Meléndez Valdés e con Benito da Mata. No ano 1810, Pereira actúa de comisario rexio en Granada, cargo no que se mostrou particularmente activo e do que é relevado no mes de novembro¹⁰. Morre o 30 de abril de 1811.

O 17 de novembro de 1787, mentres que *El Censor* está suspendido, Pereira termina as súas *Reflexiones sobre la Ley Agraria*, que publica o seguinte ano (Gar-

⁸ *El Censor* tiña unha tiraxe de 500 exemplares. Xa que adoitaban lerse os números en voz alta fronte ás librerías e en reunións de amigos, estímose nuns 5.000 os lectores do xornal (*El Censor*, ed. de F. Uzcanga, p. 280).

⁹ F. Uzcanga na introdución á súa antoloxía de *El Censor* asegura que Jovellanos é autor de dous dos discursos e probablemente doutros dous. Tamén cita a Pedro Antonio Sánchez coma un posible colaborador. Sobre *El Censor* véxanse, así mesmo, a edición de Caso González (1989) e de Uzcanga (2004).

¹⁰ Segundo La Forest, embaixador francés en Madrid, tanto Pereira coma os comisarios de Xerez e de Sevilla estaban desexando abandonar o cargo, “*debido a las humillaciones que tenían que afrontar y a los abusos que no se les permitía corregir*” (citado por Mercader Riba, 1983, p. 197).

cía Pandavenes, 1972, p. 22)¹¹. Escritas como comentarios á *Idea de la Ley Agraria española*, de Manuel Sisternes i Feliu¹², as *Reflexiones* representan unha contundente defensa da propiedade privada e da liberdade de establecemento dos contratos agrarios e constituíron unha referencia importante para a redacción do *Informe sobre la Ley Agraria* de Jovellanos¹³.

Se *El Censor* aposta polo cambio social e ideolóxico, Pereira nas *Reflexiones* atopa no “estanco” das terras a principal causa do atraso agrario. Crítico tallante de todo tipo de vinculacións e amortizacións¹⁴, ve no contrato libremente establecido o eixe das relacións económicas, “*de manera que quede siempre a los contratantes la libertad de estipular lo que quieran, aunque sea contrario a la ley*” (Pereira, 1778, p. 57). O autor está convencido de que iso beneficiará os labradores sen terras e o interese xeral, xa que “*es cierto que en la actual constitución los grandes propietarios dan siempre la ley en todos sus contratos, y que los que se ven precisados a cultivar tierras ajenas sufren las más duras condiciones*” (Pereira, 1778, p. 59).

A crítica de Pereira aos atrancos á libre circulación vai unida a un modelo de formación do prezo no mercado da terra. O prezo dun produto depende da oferta e da demanda; pero a demanda de terras é constante, pois a necesidade delas permanece inalterable; ao sumo pode haber unha redistribución e mellora dos cultivos. Por parte da oferta, depende de factores institucionais, e é aquí onde os morgados, a amortización e a “*reunión de muchas tierras en pocas manos*” provocan o mantemento daquela a niveis artificialmente baixos, co conseguinte encarecemento, xa que “*cuando son pocos los que poseen un género, y muchos los que le necesitan, son aquellos los árbitros del precio y condiciones*” (Pereira, 1778, p. 59). A liberalización da compravenda de terras e dos arrendamentos agrarios conduciría a un prezo que é á vez xusto e óptimo economicamente, xa que “*si hay quien ofrezca más por un terreno de lo que daba otro, es seguramente porque aun con este aumento le tiene cuenta, y sólo puede suceder lo contrario por un efecto del estanco; bien así como sólo puede subir el precio de los granos a más de lo que es justo y conveniente a compradores y vendedores por efecto de un monopolio entre estos*” (Pereira, 1778, pp. 75-76).

Pereira móstrase abertamente contrario ás limitacións que por lei se lle poidan facer ao dereito de propiedade, que non consiste “*sino en que cada uno puede usar y aun abusar a su arbitrio de lo suyo, en cuanto no perjudique al derecho perfecto*”

¹¹ As notas biográficas sobre Pereira están tomadas de Demerson (1971), García Pandavenes (1972), Dopico (1978), Mercader Riba (1983) e Saavedra (1999).

¹² Libro escrito no ano 1785 no contexto do *Expediente General de Ley Agraria del Consejo de Castilla*, e publicado no ano 1787 (Sisternes, 1993; Llombart Rosa e Cervera Ferri, 2000; Cervera Ferri, 2003).

¹³ Unha análise da influencia de Pereira no informe pode verse en Saavedra (1999, pp. 85-89). Sobre o *Expediente de Ley Agraria* véxanse Anes (1995) e o estudo introdutorio de V. Llombart aos *Escritos Económicos* de Jovellanos (2000).

¹⁴ Aínda que reconece que “*no estamos en estado de cortar de raíz tan grave daño, suprimiendo enteramente los mayorazgos y la amortización, que son los dos principios del estanco*” (Pereira, 1778, p. 60).

de otro hombre”. E a súa defensa suxire a existencia dunha relación entre o ser humano e as súas posesións que non só comprende o interese material senón tamén un vínculo emocional: “*cualquier disminución en la propiedad es el estorbo más terrible que puede oponerse a los progresos de la agricultura, como a los de todo género de industria; porque aquello se cuida más, que se considera como más propio, y aquello considera cada uno como más propio, y lo es en realidad, de que puede usar más libremente o sobre que tiene un arbitrio menos limitado*” (Pereira, 1778, pp. 13-14).

6. ARITMÉTICA POLÍTICA: LUCAS LABRADA

Lucas José de los Dolores Labrada Romero naceu en Ferrol o 18 de outubro de 1762, fillo de José Labrada, profesor de Gramática na Universidade de Santiago de Compostela¹⁵, e considéraselle o ilustrado galego de orixes máis modestas. No ano 1784 é empregado da Contadoría Principal do Exército na Coruña, e no ano 1787 accede a unha praza no Real Consulado da mesma cidade, onde realiza diversas tarefas e participa na súa organización administrativa. Traduce a *Disertación sobre la naturaleza y utilidades del comercio* de Belloni, que se publica en Santiago no ano 1788¹⁶. Logo de fracasar nos seus intentos por ocupar a cátedra de Matemáticas que Pereira deixara vacante na Universidade compostelá, é nomeado vicesecretario do Consulado na Coruña no mes de abril do ano 1798 e secretario no mes de setembro do ano 1802.

Durante a ocupación no ano 1809 da Coruña polas tropas francesas, escapa o antigo prior do Consulado e o mariscal Ney nomea no seu lugar ao comerciante e industrial de orixe francesa Juan Francisco Barrié. Labrada debe xurar fidelidade a José Bonaparte para permanecer no cargo de secretario e, ademais, fai de intérprete do xefe do Estado Maior galo. Co regreso de Fernando VII ten, así mesmo, que declarar que fixera o xuramento anterior á forza. No ano 1822, e ante as dificultades do Consulado para pagar os emolumentos dos seus funcionarios, debe solicitar a praza de secretario da Deputación Provincial de Ourense. No mes de setembro do ano 1823 reintégrase á secretaría do Consulado. No ano 1836 noméaselle contador da institución na que traballou a maior parte da súa vida. Os seus principais biógrafos –Francisco J. Río Barja e Carlos García Cortés– sinalan que ao longo de todos

¹⁵ Esta síntese biográfica de Labrada apóiase na introdución de Río Barja á edición do ano 1971 da *Descripción económica del reino de Galicia*, e en Mejjide Pardo (1968), Dopico (1978) e García Cortés (2004).

¹⁶ A *Disertazione sopra il commercio* de Girolamo Belloni foi editada en Roma en latín e en italiano no ano 1750. No ano 1757 foi traducida ao francés. Para a súa tradución, Labrada utilizou a versión francesa. O francés era, sen dúbida, o idioma estranxeiro máis coñecido polos ilustrados. Dos 130 libros de economía política que figuran no catálogo da Biblioteca do Consulado da Coruña a comezos do século XIX, 50 estaban escritos nesta lingua (Sánchez Rodríguez de Castro, 1992, p. 269). Sobre a *Dissertazione*, véxase a edición de Alberto Caraccioli (1965). Labrada atopábase “*instruido en la lengua francesa y con bastantes principios de la Inglesa, escribiendo en uno y otro idioma con mucha exactitud*”, segundo o vicecónsul dos Estados Unidos (García Cortés, 2004, p. 242).

estes anos pasou, xunto coa súa familia, por continuas dificultades económicas. Morre na Coruña o 31 de xullo de 1842.

No ano 1804 publica a *Descripción económica del Reino de Galicia*. Nela realiza un detallado estudo da poboación, agricultura, industria, comercio e transporte das sete provincias galegas, que serviu de fonte para numerosos estudos históricos e xeográficos. Propón tamén unha división administrativa de Galicia en correxementos reais. Ofrece, así mesmo, abundantes referencias sobre as actividades da institución na que traballa. Dubida da fiabilidade das cifras oficiais, censurando sobre todo a forma en que se realizan os padróns de poboación e particularmente o censo do ano 1797, cuxas serias deficiencias foron corroboradas por investigacións posteriores (Bustelo, 1974). E é que Labrada vai nesta obra máis alá dunha simple recompilación de datos estatísticos e históricos, posto que considera o coñecemento da realidade socioeconómica o punto de partida para un ambicioso programa de claro corte liberal, aínda que resulta acertada a crítica de Pascual Madoz cando sinala que na súa obra predomina “*la parte topográfica e a industrial*” e descoida a análise da riqueza agrícola (Madoz, 1986, pp. 381-383).

A preocupación pola demografía e pola análise estatística formaba parte da nova maneira de percibir o mundo, que tiña a súa expresión máis revolucionaria nas ciencias da natureza. A matemática proporcionaba unha linguaxe universal e obxectiva e ocupaba, polo tanto, un lugar central no desmantelamento dos antigos mitos e das visións subxectivas. A observación e a cuantificación da realidade socioeconómica, desenvolvidas sobre todo pola aritmética política inglesa e pola estatística descritiva alemá, adquiriron unha nova dimensión co ascenso do pensamento revolucionario no século XVIII e, logo da revolución francesa, desempeñaron un papel cada vez máis relevante na construción da nova sociedade (Desrosières, 1998; Martín, 2003).

Labrada, un dos ilustrados galegos máis críticos coa sociedade do Antigo Réxime, móstrase contrario a todo tipo de atrancos á libre circulación de persoas, terras e produtos, denunciando os perniciosos efectos das vinculacións e das amortizacións civil e eclesiástica, para concluír que a súa opinión e a do Consulado “*sobre el fomento de nuestra agricultura es igual a la de los más célebres economistas, esto es, que se pongan en plena libertad el interés individual de cada uno de los agentes, atendiendo a que la felicidad nacional es la suma de aquellos mismos intereses*” (Labrada, 1971, p. 208), vinculando así de forma explícita o ben común coa liberdade económica.

O seu programa ten como centro a expansión das clase medias e das fortunas medianas¹⁷, así como “*reunir en todo lo posible la propiedad de la tierra con la propiedad del cultivo; cualidades que separadas serán siempre el azote de la población de los reinos*” (Labrada, 1971, pp. 195-196). As súas posturas liberais mós-

¹⁷ “*Semejantes principios de Economía van a ligarse con otro moral no menos importante: la multiplicación de las fortunas medianas*” (Labrada, 1971, p 205).

transe de novo ao analizar o estado da pesca, sendo partidario do seu libre exercicio e censurando a súa vinculación á Matrícula da Marina Real¹⁸.

7. CONFIANZA NO MERCADO

Os ilustrados galegos propiciaban o fomento das industrias populares, especialmente o liño e os curtidos, tanto a través da industria rural doméstica como das manufacturas centralizadas nas vilas e nas cidades. Apartados dos principais centros industriais europeos, era lóxico que optasen por modelos próximos á súa concepción do mundo e ás súas experiencias vitais. Con todo parte deles si captaron un elemento fundamental no pensamento dos economistas clásicos: o papel que a expansión do mercado desenvolve no crecemento económico.

A formación e o afondamento do mercado interior requiría a eliminación de dous tipos de atrancos: os institucionais e os físicos. Xa vimos como os autores que comentamos se enfrontan aos primeiros. Sánchez e Labrada ocúpanse tamén con detemento dos segundos. As continuas referencias de Pedro Antonio Sánchez á necesidade de mellorar o transporte como estímulo do comercio e catalizador da produción logran a súa maior expresión na *Representación al inmortal Rey Don Carlos III sobre la navegación del Miño*, escrita cara ao ano 1787. O custo do transporte é un elemento fundamental na formación do prezo e da articulación do mercado. Tomando como exemplo o viño do Ribeiro, sinala que “*no son tanto los precios primitivos cuanto otros muchos gastos, y principalmente los de la conducción, los que influyen en el último valor del vino*” (Sánchez, 1973, p. 257). Ademais, o prezo dos alimentos é un atranco para a expansión da industria: “*Es una verdad bien probada, que el precio subido del alimento de primera necesidad, y principalmente del pan, influye más que ninguna otra cosa en la decadencia de las fábricas. No nos engañaremos por ventura en asegurar que este es el principal motivo, porque sacando los extranjeros de España las primeras materias, logran no obstante un despacho tan prodigioso de sus manufacturas en competencia de las nuestras*” (Sánchez, 1973, p. 258).

Sánchez insiste na asociación entre a produción e a circulación das mercadorías; a navegación do Miño “*dando consideración a los productos de la tierra, debe aumentar indefinidamente el cultivo, y recíprocamente el cultivo multiplicará interminablemente los objetos de la navegación*” (Sánchez, 1973, p. 261). No seu proxecto, Ourense converteríase nun gran centro comercial a partir do que se despacharían ás costas do Cantábrico, a Castela e a Inglaterra os viños e os produtos do Ribeiro e doutras comarcas interiores, mentres que, á vez, chegarían os grans, os panos e “*demás géneros de Castilla que, embarcándose por el Miño, surtirán toda*

¹⁸ Labrada cita expresamente a tradución de Alonso Ortiz de *La riqueza de las naciones* na súa defensa de “*dejar las pesquerías en una libertad absoluta, sin la más mínima traba, ni visos de relación alguna con la Matrícula de la Marina Real*” (Labrada, 1971, pp. 253-255).

la provincia de Tui extendiéndose a Pontevedra, y aun más adelante” (Sánchez, 1973, p. 263).

Na *Descripción de los caminos antiguos y modernos del Reino de Galicia*, importante capítulo dentro da súa *Descripción económica*, Labrada insiste na importancia de facer navegable o Miño e de mellorar a comunicación terrestre con Castela, ao tempo que manter unha rede de camiños transversais no interior, cuxas deficiencias analiza con minuciosidade (Labrada, 1971, pp. 153-168)¹⁹. Así mesmo, relaciona o nivel de prezos e as posibilidades de transporte mediante un modelo aritmético facilmente xeneralizable en termos alxébricos. Unha cidade (Santiago, no exemplo de Labrada) é abastecida de produtos alimenticios por un espazo agrícola circular “*de unha igual feracidad*”. A oferta de alimentos vén determinada pola superficie deste círculo. “*Supongamos, luego, que de aquel mismo centro se facilitarán caminos cómodos hasta tocar en la periferia de un círculo mayor*”; isto leva a que a oferta se incremente na mesma proporción cá superficie e, xa que supón que os prezos varían de forma directamente proporcional á oferta, os prezos serán inversamente proporcionais ás superficies de ambos os dous círculos (Labrada, 1971, pp. 153-154).

O modelo de Labrada lembra o modelo exposto vinte anos máis tarde por Johann Heinrich von Thünen no que unha cidade se atopa rodeada de terras de calidade uniforme. A súa posta en explotación realízase a través dunha serie de círculos concéntricos que reflicten o distinto custo do transporte. O raio do último círculo determínase cando o custo adicional iguala o incremento da produción, polo que se lle considera precursor do concepto de produtividade marxinal (Rima, 1995, pp. 254-255; Theocharis, 1983, pp. 112-119; Méndez Ibisate, 2004, pp. 96-108).

Labrada, naturalmente, non pensaba nestes termos, pero si era plenamente consciente de que a mellora dos accesos ás cidades e ás vilas non só repercutiría nos prezos senón que tamén conduciría a novas cavaduras e ao aumento da produción agrícola²⁰.

A forte influencia do pensamento mercantilista sobre a balanza de pagamentos e a preocupación polo déficit comercial español fai que a gran maioría dos ilustrados, mesmo os máis críticos coa estrutura socioeconómica do Antigo Réxime, non sexan partidarios do librecambio. Sánchez critica a prohibición de exportar grans durante dez anos que se propón no *Informe sobre la ley agraria* (Sánchez, 1973, pp. 152-153) e móstrase a favor da libre extracción de gando a Portugal (Sánchez, 1973, pp. 128 e ss.), pero sinala os efectos ruinosos das importacións se “*el comercio que la nación hace con los extranjeros, es casi todo pasivo, si la mayor parte de las telas o de los frutos que consume la recibe de ellos, será tanto mayor el mal*

¹⁹ Sobre o estado dos transportes nestes anos, véxanse Dopico e Barreiro Gil (1978), García-Fuentes (1999) e Barreiro Gil (2001).

²⁰ Outro ilustrado galego contemporáneo de Labrada, o enxeñeiro pontevedrés afincado en Bos Aires Pedro Antonio Cerviño (1757-1816), merece, así mesmo, ser considerado como precursor da análise espacial (Fernández López, 2002).

cuantos los brazos de estos ociosos, empleados en las artes y la agricultura, servirían para curar el mal que adolece” (Sánchez, 1973, p. 64). Só Luis Marcelino Pereira acepta sen reservas a teoría das vantaxes absolutas da escola clásica, propugnando a especialización de cada país nas producións “*para lo cual es más a propósito*” (Pereira, 1851; Dopico, 2000). A elaborada representación abstracta do sistema económico e xurídico que ten Pereira lévao a darlle prioridade á idea de liberdade por riba das dificultades que os novos principios poden atopar na súa aplicación á sociedade real.

8. CONCLUSIÓNS

As correntes económicas atópanse estreitamente relacionadas coas ideas filosóficas e científicas da época en que xorden e co contexto socioeconómico e cultural. O liberalismo forma parte do movemento de afirmación da individualidade, da autonomía do pensamento e da substitución das crenzas relixiosas e das citas de autoridade polo coñecemento baseado na observación, na experimentación e no razoamento analítico.

Para edificar unha nova sociedade non abundaba coa crítica do sistema socioeconómico vixente senón que era necesario substituír os seus alicerces ideolóxicos, e o liberalismo ofrecía un programa alternativo que podía resultar atractivo para as mentes máis intrépidas. Polo que respecta á Ilustración galega, Juan Francisco de Castro chegou a realizar unha demoledora crítica da sociedade estamental (Clavero, 1974; Dopico, 1978), e Sarmiento foi un dos pensadores máis innovadores do século XVIII español²¹; ambos os dous se atoparon, porén, con serias dificultades á hora de albiscar o futuro sistema económico, algo que, dada a precariedade en que vivía a maior parte da poboación, constituía unha cuestión relevante. Os autores que estudamos son conscientes da necesidade de transformar, cando menos nalgúns dos seus aspectos básicos, os piares en que se asentaba a sociedade na que vivían. Máis preocupados por darlles resposta aos problemas concretos ca en construír un sistema abstracto, recollen, porén, os suficientes elementos teóricos da escola clásica, da economía política e do pensamento europeo máis avanzado para fundamentar as súas propostas máis innovadoras.

Neles non atopabamos unha exaltación do *homo economicus* coma un egoísta racional, que numerosos partidarios e detractores quixeron ver posteriormente na mensaxe liberal, senón unha serie de propostas destinadas a aumentar a felicidade individual e colectiva, que eles crían que se atopaban asociadas. Os acontecementos non se desenvolveron conforme eles esperaban e as luces da razón non acabaron coas *sombras* non racionais como pretendían. Hoxe sabemos que o coñecemento intelectual non implica por si mesmo a integración das estruturas prerracionais

²¹ Sobre as ideas económicas de Sarmiento, véxanse os artigos de Anes, Dopico, Lluich, Freire Esparís e Rodríguez Galdo n’*O Padre Sarmiento e o seu tempo* (1997).

da conciencia (é dicir, as facultades sensorio-motoras e emocionais desenvolvidas desde a primeira infancia), e que o progreso científico e o mesmo benestar persoal se atopan tamén relacionados coa creatividade, coa intuición e cos niveis transracionais do desenvolvemento cognitivo (Wilber, 2000; Wagensber [ed.], 2000).

Andrés Suárez describiu con humor e agudeza a Galicia rural da súa infancia como unha época na que “*había todavía trasnos, meigas, tesoros escondidos y santos que hacían llover o aplacaban los truenos*” (Suárez, 2001a, p. 15)²². Nun contexto xeral máis remiso aos cambios, Sánchez, Pereira e Labrada, coma outros ilustrados de diversas procedencias, tiveron o atrevemento de intuír unha sociedade distinta a aquela na que foron educados, e as súas ideas tendían a acentuar o papel do individuo na construción dunha nova articulación social. Hoxe sabemos que a hipótese de “*un crecimiento económico ilimitado y de que la propia dinámica económica crea más empleo del que se destruye parece haber llegado a su término. Problemas tan graves como el de la superpoblación del mundo y la contaminación y destrucción de la naturaleza ahí están, y no sería propio de seres inteligentes querer ignorarlos por más tiempo*” (Suárez, 2001b, p. 166). O pensamento actual insiste cada vez máis na indivisibilidade entre a nosa individualidade e a nosa contorna (Wilber [ed.], 1997), e na existencia de interconexións profundas no noso devir evolutivo²³.

Superar estes problemas obríganos a repensar a nosa sociedade sobre novos valores e diferentes modos de concibir as relacións interpersoais. A historia dos ilustrados lémbra-nos a necesidade de ir máis alá das críticas ás institucións actuais e concibir unha sociedade sobre novas bases científicas e éticas. A ciencia dos nosos días fálanos dun mundo moito máis complexo, dinámico e imprevisible do que podía reflectir a ciencia e a economía clásica. Pero sen as, no seu momento, audaces ideas destes pensadores, nin sequera poderíamos debater hoxe libremente sobre as limitacións e as contradicións da nosa sociedade.

BIBLIOGRAFÍA

- ANES, G. (1995): *La Ley Agraria*. Madrid: Alianza.
- ANES, G. (1997): “Agricultura y ganadería en la España del Padre Sarmiento”, en: *O Padre Sarmiento e o seu tempo: Actas do Congreso Internacional do tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, t. I, pp. 53-60. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (1976): *El carlismo gallego*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.

²² Véxase o entrañable libro que Andrés lle dedicou a Luaña, a súa parroquia natal.

²³ Véxase, por exemplo, a teoría dos campos mórficos en Sheldrake (1995) ou a existencia dun campo de información universal interconectado que postula Laszlo (2003).

- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (1997): “O control ideolóxico na Galicia da Ilustración”, en X.L. Barreiro Barreiro, L. Rodríguez Camarero e M. González Fernández [coord.]: *Censura e Ilustración*. Universidade de Santiago de Compostela.
- BARREIRO GIL, J. (2001): “O atraso económico e o sistema de transporte terrestre na Galicia do século XIX”, *Revista Galega de Economía*, vol. 10, núm. 1, pp. 63-82.
- BELLONI, G. (1752): *Scritture inedite e dissertazione ‘Del commercio’*. (Edición de A. Carracciolo). Roma: Istituto per la Storia del Risorgimento Italiano, 1965.
- BELLONI, G. (1788): *Disertación sobre la naturaleza y utilidades del comercio*. Santiago de Compostela: I. Aguayo.
- BENTHAM, J. (1776): “A Fragment on Government” en: *A Fragment on Government and an Introduction to the Principles of Morals and Legislation*. (Edición de W. Harrison). Oxford: Blackwell, 1967.
- BUSTELO, F. (1974): “Introducción ao estudo cuantitativo da poboación galega no século XVIII”, *Grial*, núm. 45, pp. 257-268.
- CASO GONZÁLEZ, J.M. [ed. lit.] (1989): *El Censor. Obra periódica (1781-1787)*. (Edición facsímil, 8 vol. Madrid). Oviedo: Universidad de Oviedo.
- CERVERA FERRI, P. (2003): *El pensamiento económico de la Ilustración Valenciana*. Valencia: Generalitat Valenciana.
- CLAVERO, B. (1974): *Mayorazgo. Propiedad feudal en Castilla (1369-1836)*. Madrid: Siglo XXI.
- DEMERSON, G. (1971): *Don Juan Meléndez Valdés y su tiempo (1754-1817)*, 2 vol. Madrid: Taurus.
- DIEZ TABANERA, M. (1806): *Discurso que compuso y leyó el Prior del Real Consulado de La Coruña don___, el día 15 de agosto de 1806*. A Coruña.
- DESROZIÈRES, A. (1998): *The Politics of Large Numbers. A History of Statistical Reasoning*. Harvard University Press.
- DOPICO, F. (1976): “Juan Francisco de Castro: un ilustrado galego entre a reforma e a superación da sociedade feudal”, *Grial*, núm. 53, pp. 356-360.
- DOPICO, F. (1978): *A Ilustración e a sociedade galega. A visión de Galicia dos economistas ilustrados*. Vigo: Galaxia.
- DOPICO, F. (1997): “Sarmiento, pensador ilustrado”, en: *O Padre Sarmiento e o seu tempo: Actas do Congreso Internacional do tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, pp. 103-114. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela.
- DOPICO, F. (2000): “El proyecto socioeconómico de los ilustrados gallegos”, en E. Fuentes Quintana [dir.]: *Economía y economistas españoles. 3. La Ilustración*, pp. 641-676. Barcelona: Galaxia Gutenberg / Círculo de Lectores.
- FERNÁNDEZ LÓPEZ, M. (2002): “Location Theory and Mathematical Programming: Progress or Rediscovery?”, en S. Boehm, C. Gherke, H.D. Kurz e R. Sturn: *Is there Progress in Economics? Knowledge, Truth and the History of Economic Thought*, pp. 273-292. Cheltenham / Northampton: Edward Elgar.
- FREIRE ESPARÍS, P. (1997): “O modelo de colonias familiares en Sarmiento e o desenvolvemento da agricultura”, en: *O Padre Sarmiento e o seu tempo: Actas do Congreso Internacional do tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, t. I, pp. 331-338. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela.

- FUSTER, J.M. (2003): *Cortex and Mind: Unifying Cognition*. Oxford / New York: Oxford University Press.
- GARCÍA CORTÉS, C. (2003): *Pedro Antonio Sánchez Vaamonde (1749-1806). Un promotor de la Ilustración en Galicia*. A Coruña: Biblioteca de la Casa Consulado.
- GARCÍA CORTÉS, C. (2004): *Lucas José Labrada Romero (1762-1842). Estudio Biográfico-ideológico sobre un prototipo de ilustrado gallego*. Ferrol: Concello de Ferrol / Centro de Estudios de la Diócesis de Mondoñedo-Ferrol.
- GARCÍA-FUENTES, M. (1999): *Galicia incomunicada por red viaria en el siglo XVIII*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- GARCÍA PANDAVENES, E. (1972): *El Censor (1781-1787). Antología*. Barcelona: Labor.
- GOLDBERG, E. (2006): *La paradoja de la sabiduría. Cómo la mente puede mejorar con la edad*. Barcelona: Crítica.
- HARSANYI, J. (1955): "Cardinal Welfare, Individualistic Ethics and Interpersonal Comparisons of Utility", *Journal of Political Economy*, núm. 63, pp. 309-321.
- HARSANYI, J. (1996): "Funciones no lineales de bienestar social: ¿tienen los economistas del Bienestar una exención especial de la racionalidad bayesiana?", *Telos*, V, 1, pp. 55-78.
- LABRADA, L. (1804): *Descripción económica del reino de Galicia*. (Edición de F.J. Río Barja). Vigo: Galaxia, 1971.
- LASZLO, E. (2003): *The Connectivity Hypothesis: Foundations of an Integral Science of Quantum, Cosmos, Life, and Consciousness*. Albany: State University of New York Press.
- LATOUCHE, S. (2005): *L'invention de l'économie*. París: Albin Michel.
- LLOMBART, V. [ed.] (2000): *Gaspar Melchor de Jovellanos. Escritos económicos*. Madrid: Real Academia de Ciencias Morales y Políticas.
- LLOMBART ROSA, V.; CERVERA FERRI, P. (2000): "Economistas valencianos de la Ilustración (1760-1800)", en E. Fuentes Quintana [dir.]: *Economía y economistas españoles. 3. La Ilustración*, pp. 613-639. Barcelona: Galaxia Gutenberg / Círculo de Lectores.
- LLUCH, E. (1997): "La visión económica de Sarmiento", en: *O Padre Sarmiento e o seu tempo: Actas do Congreso Internacional do tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, t. I, pp. 91-102. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela.
- MADOZ, P. (1845): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar: Galicia*. (Reprod. facs. da edición de Madrid: Imprenta del Diccionario P. Madoz). Santiago de Compostela: Libros Galicia, 1986.
- MARTIN, T. (2003): *Arithmétique politique dans la France du XVIIIe siècle*. París: INED.
- MEJIDE PARDO, A. (2002): "Biografía de Sánchez Vaamonde, ilustre canónigo y catedrático, fundador de la Biblioteca del Real Consulado", *Anuario Brigantino*, núm. 25, pp. 261-274.
- MÉNDEZ IBISATE, F. (2004): *Marginalistas y neoclásicos*. Madrid: Síntesis.
- MERCADER RIBA, J. (1983): *José Bonaparte Rey de España (1808-1813). Estructura del estado español bonapartista*. Madrid: CSIC.
- PEREIRA, L.M. (1788): *Reflexiones sobre la ley agraria que se está tratando en el Consejo*. Madrid: Imprenta Real.
- PEREIRA, L.M. (1851): "Memoria sobre la utilidad o perjuicios de la introducción de linos y cálamos en Galicia", *El Eco de Galicia*, XXVIII-XXXI.

- RIMA, I.H. (1995): *Desarrollo del análisis económico*. México DF: Irwin.
- REY CASTELAO, O. (1985): *La historiografía del Voto de Santiago. Recopilación crítica de una polémica histórica*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ DE LEDESMA, F. (1806): *Carta crítica al Dr. D. Pedro Antonio Sánchez... en la que se descubren y patentizan las falsas respuestas y asertos, en las cuales funda principalmente su respuesta a la nueva demostración sobre la falsedad del privilegio del Rey D. Ramiro I*. Madrid: Imprenta de Sancha.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. (1989): "La agricultura gallega en el siglo XVIII", en: *Estructuras agrarias y reformismo ilustrado en la España del siglo XVIII*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. (1993): *Galicia, país de emigración*. Colombres: Archivo de Indianos.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. (1997): "Poboación e agricultura en Galicia na obra de Fr. Martín Sarmiento", en: *O Padre Sarmiento e o seu tempo: Actas do Congreso Internacional do tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, t. I, pp. 61-72. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela.
- SAAVEDRA, P. (1999): *Agricultura e Ilustración*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- SÁNCHEZ, P.A. (1805): *Respuesta al Canónigo de Lugo Don Joaquín Antonio del campo, que en una Memoria académica ha emprendido despojar a la Iglesia de Santiago de sus votos, y aplicárselos a la suya*. Madrid: Imprenta de la Hija de Ibarra.
- SÁNCHEZ, P.A. (1813): *Apología a favor de la Santa Iglesia de Santiago en razón de la renta de los Votos que cobra*. Santiago de Compostela: Imprenta de D. Juan Francisco Montero.
- SÁNCHEZ, P.A. (1858): *Colección de los escritos del Dr. D. ____*. Madrid: Manuel Minuesa.
- SÁNCHEZ, P.A. (1973): *La economía gallega en los escritos de ____*. (Edición de X.M. Beiras). Vigo: Galaxia, 1973.
- SHELDRAKE, R. (1995): *Siete experimentos que pueden cambiar el mundo. Una guía para revolucionar la ciencia*. Barcelona / Buenos Aires: Paidós.
- SISTERNES Y FELIÚ, M. (1786): *Idea de la Ley agraria española*. (Edición de V. Llombart). Barcelona: Alta Fulla, 1993.
- SMITH, A. (1776): *Investigación sobre la naturaleza y causas de la riqueza de las naciones*. (Edición de E. Cannan). México: Fondo de Cultura Económica, 1959.
- SUÁREZ SUÁREZ, A.S. (1979): *Mitos, costumes e crencias dunha parroquia galega*. Vigo: Galaxia.
- SUÁREZ SUÁREZ, A.S. (2001a): *Discurso da Investidura como Doctor Honoris Causa*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- SUÁREZ SUÁREZ, A.S. (2001b): *Nueva economía y nueva sociedad. Los grandes desafíos del siglo XXI*. Madrid: Pearson Educación.
- TAYLOR, CH. (1989), *Sources of the Self. The Making of the Modern Identity*. Cambridge University Press.
- THEOCHARIS, R.D. (1983): *Early Developments in Mathematical Economics*. Filadelfia: Porcupine Press.
- UZCANGA MEINECKE, F. (2004): *Sátira en la Ilustración española. Análisis de la publicación periódica «El Censor» (1781-1787)*. Frankfurt y Main: Vervuert.

Dopico, F.

Felicidade pública e libre mercado...

UZCANGA MEINECKE, F. (2005): «*El Censor*». Barcelona: Crítica.

WAGENSBER, J. [ed.] (2004): *Sobre la imaginación científica. Qué es, cómo nace, cómo triunfa una idea*. Barcelona: Tusquets.

WILBER, K. (1996): *Sexo, ecología, espiritualidad. El alma de la evolución*. Madrid: Gaia.

WILBER, K. [ed.] (1997): *El paradigma holográfico. Una exploración en las fronteras de la ciencia*. Barcelona: Kairós.

WILBER, K. (2000): *Una visión integral de la Psicología*. México: Alamah.